


2024



PROGRAMA

# PASCUA De Padrón

Homenaxe a Ramón Casasnovas

DO  
23  
MARZO  
AO  
7  
ABRIL



Concello  
de Padrón

## 23 DE MARZO. SÁBADO

**09:00h XXXV Raid Cabalar Pascua 2024.** Proba puntuable para o Campionato galego. Percorrerá os montes de Dodro, Padrón e Rois, con saída no Monte Santiaguíño.

## DO 23 AO 31 DE MARZO

**10:00h Campionatos galegos de Xadrez 2024.** No Hotel Scala de Padrón celebrárase o Campionato galego da categoría absoluta, Sub-10, Sub-12, Sub-16, feminina e veteranos.

## DO 25 AO 27 DE MARZO

**16.00h XI Torneo de fútbol base Concello de Padrón.** Categorías prebenxamín (25 de marzo), benxamín (26 de marzo) e alevín (27 de marzo).



## DO 25 AO 30 DE MARZO

**10.00h Campionato de tenis de Pascua 2024.** Categorías absoluta, júnior e local. As finais disputaranse o sábado 30 de marzo.

## 26 DE MARZO. MARTES

**19:30h Teatro: 'Papagena'.** Ópera electrónica da Compañía Butaca Cero. No auditorio municipal.



## DO 28 AO 30 DE MARZO

**09:00h VI Torneo CD Sar Extramundi.** Nas categorías benxamín (28 de marzo), alevín (29 de marzo) e prebenxamín (30 de marzo).



## 29 DE MARZO. VENRES

**19:00h Boxeo. Gran velada Clásica de Pascua.** Celebraranse 10 combates de diferentes categorías, coa participación de 2 púxiles padroneses: Cristian Teira, que disputará o Campionato galego neoprofesional, e Nico *Petardito* Rodríguez debutará con 15 anos no boxeo afeccionado.

## 30 DE MARZO. SÁBADO



**10:30h XLIII Carreira de Pascua.** Carreira pedestre con participantes de todas as idades. Percorridos dende 100 m (categoría Sub-6) ata 13 km (absoluta). Haberá medallas para participantes de categorías escolares, trofeos para os e as tres mellores atletas de cada categoría competitiva e agasallos para todas as persoas participantes. Información e inscricións en [www.deporticket.com](http://www.deporticket.com)

## 30 DE MARZO. SÁBADO DE PASCUA

● **Punto Lila no paseo do Espolón de 22.00 a 04.00 horas.**


**10.00h Gran salva de bombas de palenque** anunciando o comezo das Festas de Pascua 2024.

**18.00h Inauguración da 51º Feira Exposición de Maquinaria Agrícola e Industrial.** Ao lado da gardería municipal.

# PASCUA De Padrón

Homenaxe a Ramón Casasnovas

DO  
23  
MARZO  
AO  
7  
ABRIL



2024



Concello  
de Padrón



Pascua  
de Padrón



camino e destino

ABANCA

20.30h DJ Espiño. Praza de Macías

21.00h Pregón a cargo de Abel Caballero. Inauguración das Festas de Pascua, presentada por Belén Xestal e que terá como pregoiro ao alcalde de Vigo. Praza de Macías.



22.00h Inicio das Festas de Pascua co primeiro pase do concerto da gran orquestra La Misión. Fondo de Vila.



23.30h Actuación da orquestra Unión y Fuerza. Paseo do Espolón.



01.15h Segundo pase de La Misión. Fondo de Vila.

02.45h Segundo pase de Unión y Fuerza. Paseo do Espolón.

## 31 DE MARZO. DOMINGO DE PASCUA

● **Punto Lila no paseo do Espolón de 22.00 a 04.00 horas.**

09.00h **51ª Feira de Exposicións de Maquinaria Agrícola e Industrial.** Ao lado da gardería municipal.

09.30h Retirada de dorsais na mesa da organización para os **concursos morfolóxicos da Feira Cabalar.** Campo da Barca.

10.00h Inicio dos **concursos morfolóxicos da Feira Cabalar** de cabalos de pura raza galega –puntuable para a **XXIII Copa Galicia PRG–**; de cabalos e eguas cruzados; de pura raza árabe (PRA) e autonómico de ponis **Gran Premio Concello de Padrón.**



11.30h Pasarrúas da **Banda de Musica Municipal de Padrón.**

12.30h Pasarrúas do **grupo folclórico San Pedro de Carcaciá,** que acompañará os **xigantes e cabezudos** polas rúas.

13.30h **Concerto da Banda de Música Municipal de Padrón.** Praza de Macías.

14.00h Pase de **presentación** do espectáculo de **doma ecuestre** da tarde no Campo da Barca.

17.00h **Grande espectáculo de doma de alta escola,** con cabalos de pura raza española, lusitanos, ponis *shetland* e pura raza galega, coa colaboración especial da Asociación Pura Raza Cabalo Galego. Campo da Barca.

**21.00h** Gran verbena coa **orquestra Miramar**. Detrás do campo de fútbol.

**22.30h** Actuación de **Fillas de Cassandra**. Paseo do Espolón.



**23.45h** Actuación da **orquestra Capitol**. Fondo de Vila.

**01.15h** Segundo pase da **orquestra Miramar**. Detrás do campo de fútbol.

**03.00h** Segundo pase da **orquestra Capitol**. Fondo de Vila.

## 1 DE ABRIL. LUNS DE PASCUA

● **Punto Lila no paseo do Espolón de 22.00 a 04.00 horas.**

**11.00h** Pasarrúas do **grupo folclórico Rosalía de Castro**, que acompañará os **xigantes e cabezudos** polas rúas.

**12.00h** Pasarrúas da **Banda Municipal de Padrón**.

**13.00h** **Día de Santiago en Padrón**. Recepción á Excm. Corporación do Concello de Santiago. Praza de Ramón Tojo.

**13.30h** Concerto da **Banda de Música de Santiago**. Praza de Macías.

**20.00h** Actuación do **Dúo Master**. Paseo do Espolón.

**22.30h** Actuación da **orquestra América**. Detrás do campo de fútbol.

**01.30h** Actuación da **Orquestra París de Noia**. Fondo de Vila.



## 02 DE ABRIL. MARTES DE PASCUA

- 12.30h** Pasarrúas do grupo folclórico **A Foliada do Montño** que acompañará aos **xigantes e cabezudos** polas rúas.
- 14.00h** Sesión vermú a cargo dos **Wavy Gravies**. Praza Manuel Rodríguez Cobián (praza da igrexa).
- 19.00h** **Día de Rianxo en Padrón**. Recepción á Excm. Corporación do Concello de Rianxo fronte á estatua de Rosalía de Castro no Paseo do Espolón.
- 19.45h** **Concerto da Banda Municipal de Rianxo**. Praza de Macías.
- 22.00h** Actuación da **orquestra Los Satélites**. Fondo de Vila.



## DO 3 AO 5 DE ABRIL

- 17.00h** **XI Torneo de chave de Pascua**. Torneo de chave no que se participará individualmente. O 3 e 4 de abril celebraranse as fases clasificatorias. A final disputarase o 5 de abril. Tamén haberá torneo infantil.



## 05 DE ABRIL. VENRES DE PASCUILLA

- **Punto Lila no paseo do Espolón de 22.00 a 04.00 horas.**
- 20.30h** Actuación da **orquestra Los Player's**. Detrás do campo de fútbol.



**22.00h** Actuación da **orquestra New York**. Fondo de Vila.

**23.30h** Segundo pase da **orquestra Player's**. Detrás do campo de fútbol.

**01.00h** Segundo pase da **orquestra New York**. Fondo de Vila.

**02.30h** **DJ Open Air. Anxo Silva**. Paseo do Espolón.

**04.00h** **DJ Open Air. LOW**. Paseo do Espolón.

## 06 DE ABRIL. SÁBADO DE PASCULLA

● **Punto Lila no paseo do Espolón de 22.00 a 04.00 horas.**

**12.30h** Pasarrúas do **grupo folclórico Arreixeira**, que acompañará os **xigantes e cabezudos** polas rúas do pobo.

**14.00h** **Ciclismo. 61ª Clásica de Pascua XXXV Memorial Francisco Rodríguez Pazos**. Carreira de 125 quilómetros que percorrerá os municipios de Padrón, Dodro, Rianxo e Rois.

**14.00h** Sesión vermú do **grupo Boogies**. Praza de Ramón Tojo.

**18.30h** Actuación do **grupo folclórico Rosalía de Castro**. Praza de Macías.

**19.30h** Actuación do **grupo folclórico A.C. San Pedro de Carcacia**. Praza de Macías.

**22.00h** Concerto de **Celtas Cortos**. Paseo do Espolón.



**00.00h** Grande exhibición de fogos de artificio. Paseo do Espolón.





**00.15h** Actuación da **orquestra Olympus**. Fondo de Vila.



**03.00h** DJ Open Air. VR. Paseo do Espolón.

**04.30h** DJ Open Air. César Sánchez. Paseo do Espolón.

## 07 DE ABRIL. DOMINGO DE PASCUILLA

**11.30h** Pasarrúas do **grupo folclórico O Pedrón**, que acompañará os **xigantes e cabezudos** polas rúas.

**11.40h** Xuntanza integrada pola Corporación Municipal e a **Irmandade dos Fillos e Amigos de Padrón**, así como as veciñas e veciños que o desexen. A continuación, a comitiva dirixirase ao paseo do Espolón para realizar unha ofrenda floral diante dos monumentos

de Rosalía de Castro e de Camilo José Cela. Haberá ofrenda na praza Pepe Domingo Castaño. Cantarase o Himno Galego e depositaranse coroas de loureiro.

**12.30h** Actuación do **grupo folclórico Arreixeira**. Praza de Macías.

**13.30h** Actuación do **agrupación folclórica O Pedrón**. Praza de Macías.

**18.00h** **XIV Festival de Bandas Capital do Sar**. Praza de Macías.

- **Banda de Música Isabel II de Touro**
- **Banda de Música Municipal de Caldas de Reis**
- **Banda de Música Municipal de Padrón**

**21.00h** Gran verbena e peche das festas de Pascua 2024 a cargo da **orquestra Atenas**. Fondo de Vila.

**23.00h** Actuación **orquestra Marbella**. Fondo de Vila.

## 13 DE ABRIL. SÁBADO

**09.00h** **17ª Andaina Bisbarra do Sar**. Proba oficial da Liga Ibérica de sendeirismo de 50 km. Percorrido polos concellos de Padrón, Dodro e Rois, con distancias opcionais de 18 e 32 km. A proba poderase facer camiñando ou correndo. Máis información e inscricións en [www.andainabisbarradosar.com](http://www.andainabisbarradosar.com)

# SEMANA SANTA PADRONESA 2024

## VENRES 15 MARZO. PREGÓN SEMANA SANTA

**20.00h** Organizado pola **Confraría do Santo Enterro**, na igrexa parroquial. Pronunciado polo **Dr. D. Ricardo Sanjurjo Otero**, docente de Nuevo Testamento no Instituto Teolóxico Compostelán - Universidad Pontificia de Salamanca, delegado episcopal de Pastoral Universitaria e da Cultura, párroco de Sta. María a Maior e Real de Sar (Santiago). Pecha o acto a intervención da **Coral Polifónica Padronesa**, que interpretará pezas de música sacra.

## SÁBADO, 16 DE MARZO. SETENARIO DE DORES

**19.30h** Organizado pola **Confraría da Virxe das Dores**. Todos os días, Santo Rosario e rezo correspondente do **Setenario**.

**20.00h** Santa Misa, ofrecida polos devotos de N. Sra. das Dores.

## VENRES 22 DE MARZO. VENRES DE DORES

**19.00h** Organizado pola **Confraría da Virxe das Dores**. **Santo Rosario** e rezo do Setenario no seu último día.

Antes da Santa Misa, coincidindo coa conmemoración do 25 aniversario de constitución da Confradía, farase entrega das **Medallas de Honra da Confraría das Dores** a **D. Julián Barrio Barrio**, arzobispo emérito de Santiago de Compostela, e, a título póstumo, ás **cofrades difuntas**.

**20.00h** Misa solemne, seguida da **Procesión coa Virxe Dorida**.

## SÁBADO, 23 MARZO. MISA C. SANTO ENTERRO

**20.00h** A Santa Misa parroquial ofrecerase polos membros e colaboradores, vivos e defuntos, da **Confraría do Santo Enterro**.

## DOMINGO 24 MARZO. DOMINGO DE RAMOS

**11.30h** Liturxia de **bendición das palmas e ramos** de olivo con procesión, acompañando o **paso da Entrada de Xesús en Xerusalén**.

**12.30h** Santa Misa do Domingo de Ramos na Paixón do Señor.

**20.00h** Na capela da Venerable Orden Terceira de San Francisco, **misa de Domingo de Ramos**. Ao rematar, organizada pola V. O. T., en colaboración coa parroquia de Santiago e as súas Confrarías do Santo Enterro e da Virxe das Dores, sairá a **procesión do Ecce Homo** polo percorrido habitual.

## XOVES 28 DE MARZO. XOVES SANTO

**19.30h** Santa Misa da Cea do Señor.

**20.30h** **Procesión do Encontro** con esta orde: Procesión coa imaxe de **Xesús Nazareno**, flanqueada polos membros da Confraría do Santo Enterro e todas as persoas que o desexen. Procesión da **Virxe das Dores, San Xoán Apóstolo e a Verónica**, flanqueadas polos membros da Confraría da Virxe das Dores e das persoas que o desexen. Agradécese a participación de mulleres ataviadas con mantilla española.

**Santo Encontro.** Praza de Macías. Narrador o Rvdo. P. Fray Francisco Javier Honrubia Bonín, OFM, e recollida.

Sobre as 22.30 sairá a **Procesión da Santa Cruz do Calvario** coas imaxes da **Santa Cruz e o Ecce Homo**, flanqueada polos membros da Confraría do Santo Enterro portando fachos, coa Banda de Tambores.

Ao regreso, a igrexa permanecerá pechada ata o venres ás 9:00 horas.

## VENRES 29 DE MARZO. VENRES SANTO

**11.30h** **Vía Crucis.** Invítase a participar de xeito particular aos membros de ambas as confrarías e ás persoas que queiran unirse a esta oración.

**18.30h** **Santos Oficios da Paixón do Señor**, seguidos da representación da escena do **Desencravo** de Xesús da Cruz, narrada polo Rvdo. P. Francisco Javier Honrubia Bonín, OFM

**20.00h** Procesión do **Santo Enterro**. A Santa Urna do Cristo Xacente discorrerá flanqueada polos seus cofrades durante o percorrido.

**21.00h** Recollida a Procesión do Santo Enterro, **Procesión da Soidade e dos Caladiños**. Flanqueando a imaxe da Virxe das Dores na escena da súa soidade pola morte do seu Fillo, irán os membros da Confraría da Virxe das Dores e todas as persoas que queiran unirse á procesión. Prégase acudan mulleres tocadas con mantilla española.

## SÁBADO 30 DE MARZO. SÁBADO SANTO

**21.00h** Solemne **Vixilia de Resurrección do Señor** coa que se abre o tempo litúrxico de Pascua.

## Sinopse de actos e horarios

### Venres 15 de marzo:

20.00h Pregón da Semana Santa.

### Venres de Dores (22 de marzo)

19.00h Santo Rosario e setenario.

20.00h Misa solemne e procesión.

### Domingo de Ramos (24 de marzo)

11.30h Bendición de Ramos e procesión.

12.30h Santa Misa do Domingo de Ramos na Paixón do Señor.

20.30h Procesión do Ecce Homo. Orden Terceira

### Xoves Santo (28 de marzo)

19.30h Misa da Cea do Señor.

20.30h Procesión do Santo Encontro.

22.30h Procesión da Santa Cruz do Calvario.

### Venres Santo (29 de marzo)

11.30h Vía Crucis.

18.30h Santos oficios da Paixón do Señor.

20.00h Procesión do Santo Enterro.

21.00h Procesión da Virxe da Soidade.

### Sábado Santo (30 de marzo)

21.00h Solemne Vixilia Pascual.

### Domingo de Pascua (31 de marzo)

12.30h Misa solemne de Pascua.

## Música sacra

### Coral Polifónica Padronesa.

Pregón, Xoves e Venres Santo.

### Jacobo Louzán.

Domingo de Ramos e Vixilia Pascual.

## Predicación

### Párroco de Iria Flavia - Padrón.

Setenario de Dores

### Rvdo. P. Fray Francisco Honrubia Bonnín, OFM.

Domingo de Ramos, Xoves e Venres Santo, Vixilia Pascual e Domingo de Pascua.

